

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 4 de abril de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día catro de abril de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(280).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 21 de marzo e extraordinaria e urxente do 24 de marzo de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(281).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 5.530,96 € A FAVOR DE EULEN SEGURIDAD S.A. POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA E SEGURIDADE NA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS CEDRO E NAS UBAS. EXPTE. 2127/315.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.03.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Servizos Económicos, do 10.03.14, conformado polo xefe da Área de Política de Benestar e pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 5.530.96 euros, a favor de EULEN SEGURIDAD, S.A. (CIF: A-28369395), pola prestación dos servizos de vixilancia e seguridade na unidade asistencial de drogodependencias CEDRO e nas UBAS, durante o mes de febreiro de 2014.

SEGUNDO.- Imputar o gasto de 5.530.96 euros a partida orzamentaria 3133.2270100 "Contratación Servicio Seguridade", minorándoo do RC 201400003776.

**3(282).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SEGURO DE VIDA E ACCIDENTES DOS EMPREGADOS PÚBLICOS E CARGOS ELECTOS LOCAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 24360/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13.02.13, o informe de fiscalización do 25.03.14, e de acordo coa ampliación de informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos do 31.03.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do seguro de vida e accidentes do persoal ao servizo do Concello de Vigo, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 05/02/2014 e dilixencia de data 10/02/2014, xunto co prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo por procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, de data 13/03/2014 .

Segundo.- Aproba-lo gasto por importe de 220.000 €, imputable orzamentaria e contablemente á aplicación orzamentaria 221.0.162.05.00 dos vixentes Orzamentos Municipais, que se desglosa nas seguintes anualidades:

ano 2014: 64.166,67 €

ano 2015: 110.000 €

ano 2016: 45.833,33 €

Terceiro.- Acordar a apertura do procedemento de licitación na forma legalmente prevista, notificándose o presente acordo ao Servizo de Contratación do Concello aos efectos oportunos, con remisión do expediente administrativo.

**4(283).- PROPOSTA PARA PRESENTAR OPOSICIÓN CONTRA A MARCA Nº 3.107.315 POR SEMELLANZA COA MARCA Nº 2.617.362 "TURISMO DE VIGO, LA VUELTA AL MUNDO EN UNA CIUDAD". EXPTE. 4762/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25.03.04, dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 20.03.14, que di o seguinte:

*A empresa Ungría Patentes y Marcas, S.A. remite escrito no que comunican a publicación da marca nº 3.107.316, para que se considere a presentación de oposición á mesma por semellanza coa marca nº 2.617.362 “Turismo de Vigo La Vuelta al Mundo en una Ciudad”.*

*A xefa do servizo de Turismo, en informe de 6 de marzo de 2014, aconsella opoñerse á marca indicada en clase 35 xa que o grafismo é en todo semellante á do Concello, a cor é coincidente coa de Vigo, e o campo de actuación solápase co de Turismo de Vigo..*

*O custe da preparación, redacción e presentación do escrito ascende a 507,39 euros (IVE incluído), que cargarse ó RC 201400009396, se así o informa previamente a oficina de Intervención.*

*Polo exposto, e se o estima a Xunta de Goberno Local, proponse a adopción do seguinte acordo:*

*“Encomendar á empresa Ungría Patentes y Marcas, S.A. a oposición á solicitude de Marca nº 3.107.316, por semellanza coa Marca nº 2.617.362 “Turismo de Vigo La Vuelta al Mundo en una Ciudad”, a nome do Excmo. Concello de Vigo, en clase 35. O custe da preparación, redacción e presentación do escrito será de 507,39 euros (Ive incluído)*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **5(284).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A GRUPO 5 S.L. EXPTE. 4779/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.03.14, e de acordo co informe proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 31.03.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a GRUPO 5, S.L. a fianza de 2.999,82 euros constituída para responder da prestación do servizo de redución do dano en medio aberto cun centro de atención social e unha unidade de rúa no ámbito territorial do Casco Vello de Vigo, xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

#### **6(285).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CINE CLUB LUMIÈRE PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E PROXECCIÓN DE PELÍCULAS EN VERSIÓN ORIXINAL. EXPTE. 5503/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.03.14, o informe de fiscalización, 25.03.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 13.03.14, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, a concelleira delegada da Área de Economía e Facenda e o concelleiro delegado da Área de Cultura e Festas, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o texto do convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e o Cine Club Lumière Vigo, para a organización da programación de cine en versión orixinal durante o ano 2014.

SEGUNDO.- Facultar ao Concelleiro de Cultura, Festas e Museos para asinar o citado convenio.

TERCEIRO.- Autorizar un gasto por un importe de 13.500,00 euros a favor do Cine Club Lumière (CIF G-36.758.696) en concepto do estipulado no convenio, con cargo á aplicación 3380.489.0001 (Convenio Cine Lumière) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio prorrogado.”

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E PROXECCIÓN DE PELÍCULAS EN VERSIÓN ORIXINAL.*

*En Vigo, a*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, Dna. CAYETANO RODRIGUEZ ESCUDERO, CONCELEIRO DELEGADO DE CULTURA, FESTAS E MUSEOS na representación legal do Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO, en virtude do decreto da Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno de data 15 de febreiro de 2013, e resolución do Alcalde de data 19 de febreiro de 2014.*

*Doutra, don XOÁN MANUEL NOVEGIL GONZÁLEZ-ANLEO, como presidente de CINECLUB LUMIÈRE VIGO, CIF nº G-36.758.696 e enderezo social na rúa Doctor Cadaval nº 33 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 5503/335.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.- Que Cineclub Lumière Vigo ten por finalidade, entre outras, a programación de proxeccións cinematográficas periódicas. O Cineclub Lumière é a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega, que vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor na cidade de Vigo de desenvolvemento do cine, mediante a organización de ciclos de programación cinematográfica en versión orixinal.*

*II.- Que o Concello de Vigo está interesado en organizar iniciativas socioculturais que aumenten a súa programación, en especial a dirixida a públicos sectoriais e especializados, e por este motivo vén asinando convenios de colaboración similares desde o ano 2006.*

*III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento prorrogado, na aplicación 3380.4890001, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 13.500,00 (trece mil cincocentos) euros, a favor da entidade CINECLUB LUMIÈRE VIGO.*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización dunha programación ao longo do ano e da proxección de películas en versión orixinal.*

V.- Que a entidade Cineclub Lumière Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 5503/335

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade CINECLUB LUMIÈRE VIGO, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

#### PACTOS

Primeiro.- A entidade Cineclub Lumière Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo en canto a organización dunha programación anual de películas en versión orixinal e, concretamente, a:

- 1º.- Presentar antes do día 15 de cada mes unha proposta de proxeccións para o mes seguinte, co obxecto da conformidade do persoal técnico do servizo de Festas.
- 2º.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin.
- 3º.- Realizar o evento segundo a programación proposta e o presuposto aprobado, comezando as actividades do programa á hora anunciada ó público e tendo comprobado coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento coa fin de realizar as correccións técnicas que fosen necesarias.
- 4º.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a súa realización.
- 5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste convenio.
- 6º.- Editar o material gráfico para a difusión das actividades e achegar un mínimo de 50 exemplares á Concellería de Festas, este material deberá contar co seu logotipo. Ademais, farase mención desta colaboración en toda a difusión que realice a través dos medios de comunicación.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- 1º.- Reservar as instalacións do auditorio da Casa do Concello para todos os luns dos períodos indicados do exercicio 2014 para a proxección das películas incluídas na programación obxecto deste convenio. Esta reserva tan só poderá ser modificada de forma excepcional por necesidades protocolarias do Concello, previa comunicación por escrito á entidade, cunha antelación mínima de 72 horas. Neste caso intentaríase buscar unha data alternativa de mutuo acordo, encargándose o Concello da difusión necesaria cara ó público. Así mesmo, en caso de realizar outros ciclos puntuais de proxeccións noutras datas, o Concello daralle prioridade para a reserva do recinto.
- 2º.- Conceder directamente a Cineclub Lumière Vigo, unha subvención por importe de 13.500,00 (trece mil cincocentos) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización da programación e proxección de películas en versión orixinal.

O presuposto total das actividades obxecto do convenio ascende a 27.192,64 euros, con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo o orzamento presentado por Cine Club Lumière (Anexo I ó convenio).

O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente IBAN número ES05 2013 1598 3902 0017 7272, domiciliada en Caixa Catalunya, da que é titular a entidade beneficiaria, segundo o seguinte:

a) Un primeiro pagamento por importe de 6.750,00€, dentro dos 15 días seguintes á finalización da programación do período xaneiro-xuño.

b) Un segundo e derradeiro pagamento por importe de 6.750,00€, na primeira quincena de decembro.

En ambos os casos, a entidade deberá presentar previamente a través do Rexistro Xeral solicitude de pagamento e memoria-avaliación das actividades, conforme o recollido no pacto noveno deste convenio.

A comprobación da subvención corresponderalle ao persoal técnico do servizo de Festas encargado do seguimento do convenio, que emitirá informe no que se poña de manifesto a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, así como a conformidade cos documentos xustificativos presentados. O dito informe incorporase ao expediente para a súa fiscalización xunto coa conta xustificativa.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.

Noveno.- A beneficiaria deberá xustificar na primeira quincena de decembro o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar a través do Rexistro Xeral:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- As facturas que serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentaráse en orixinal. As facturas cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicita a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.
- En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

Décimo.- Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Cultura e Festas a xefa do servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar

relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do Concello de Vigo e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Festas do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan. O Concello resérvase o dereito de incluír a programación obxecto deste convenio na posíbel axenda que edite e/ou difunda cos actos previstos no auditorio municipal.

Décimo quinto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellaría de Festas nos actos programados.

Décimo sexto.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Décimo sétimo.- O Concelleiro de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo oitavo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo noveno.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo.



*Vixésimo.- As actividades obxecto deste convenio están destinadas ó público en xeral, e o seu acceso será controlado mediante cobro de entradas. A xestión das entradas e da recadación será total responsabilidade da ENTIDADE.*

*Vixésimo primeiro.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data anteriormente indicados.*

**7(286).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FUNDACIÓN LAXEIRO PARA FINANCIAR O SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2014. EXPTE. 716/341.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 25.03.14, o informe de fiscalización do 27.03.14, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Museos Municipais, do 20.03.14, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos e a concelleira-delegada da Área de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

**PRIMEIRO.-** Outorgar unha subvención á FUNDACIÓN LAXEIRO con CIF G36852358, co obxecto de financiar o seu programa de actividades e funcionamento, para o exercicio económico de 2014, por importe de 80.000 € (oitenta mil euros), o que supón una achega do Concello de Vigo do 64,27% do seu presuposto ordinario de gastos), con cargo á partida 3330.489.00.01 ("Fundación Laxeiro") que figura no presuposto prorrogado de 2013 do Concello de Vigo para 2014.

**SEGUNDO.-** A subvención que outorgue o Concello de Vigo á FUNDACIÓN LAXEIRO, para o desenvolvemento da súa actividade e funcionamento axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de 2006), así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

A concesión da subvención directa á FUNDACIÓN LAXEIRO axústase ao previsto no art. 22.2, apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións; tanto por estar prevista nominativamente no presuposto prorrogado de 2013 do Concello de Vigo para 2014, como polo interese público e social que supón para a cidade de Vigo a

actividade da Fundación Laxeiro, acreditado pola concordancia do programa da Fundación cos fins e actividades recollidos nos Estatutos da Fundación, que foi impulsada polo propio Concello.

A FUNDACIÓN LAXEIRO está promovida polo Concello de Vigo e máis pola familia do pintor Laxeiro (acordos do Pleno da Corporación Municipal de data 2 de marzo de 1998 e do 26 de xuño de 1998); a presidencia correspóndelle ó Alcalde de Vigo ou persoa na que delegue, na dotación inicial da Fundación Laxeiro inclúese o depósito de 62 obras de Laxeiro de titularidade municipal e a cesión de dereitos sobre elas e a sede de Fundación está na planta terceira da Casa das Artes, edificio de titularidade municipal. Enténdese que a forma de levar a cabo os obxectivos da Fundación constituída polo Concello é contribuír ao sostemento do seu programa e funcionamento. Por todo o exposto, non procede a concorrencia competitiva en relación a esta subvención.

### TERCEIRO.- CONDICIÓNS E OBRIGAS DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN LAXEIRO.

Aprobar as condicións de concesión da subvención á FUNDACIÓN LAXEIRO; segundo establece tanto a Lei Xeral de Subvencións como a Lei de subvencións de Galicia, que indican que a resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables. A FUNDACIÓN LAXEIRO deberá asumir as condicións e obrigas que se detallan de seguido:

#### PRIMEIRA.- OBXECTO.

*A presente subvención outorgada á FUNDACIÓN LAXEIRO pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, ten como obxecto o financiamento do seu programa de actividades e funcionamento do exercicio económico 2014.*

*As liñas xerais do programa da FUNDACIÓN LAXEIRO consistirán, basicamente, no desenvolvemento de exposicións temporais, xestión da exposición permanente, actividades didácticas e visitas guiadas, voluntariado cultural, proxección da figura e obra de Laxeiro, divulgación e investigación..., así como calquera outra actividade derivada da finalidade da FUNDACIÓN prevista nos seus estatutos.*

#### SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

*O presuposto xeral do programa obxecto da subvención ascende a 124.483,00 € no exercicio económico de 2014. A FUNDACIÓN LAXEIRO financiará o seu programa do seguinte xeito:*

- 80.000,00 € (oitenta mil euros) con cargo ao presuposto do Concello de Vigo, partida 3330.489.00.01 "FUNDACIÓN LAXEIRO" do vixente presuposto municipal; que supoñen o 64,27% do total do presuposto.
- Deputación provincial de Pontevedra 12.000,00 € (9,64 %)
- Xunta de Galicia 15.983,00 € (12,84%)
- Entidades privadas 1.500,00 € (1,20%)
- Doazóns 9.000,00 € (7,23 %)
- Vendas 6.000,00 € (4,82%)

#### TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN LAXEIRO.

1. *Cumprir e organizar o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos ou xestións derivadas da actividade e funcionamento.*
2. *Responsabilizarse da organización integral da programación realizada pola FUNDACIÓN LAXEIRO, como entidade titular e responsable de todas as actividades, servizos e funcionamento subvencionados.*
3. *Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo e comunicarlle as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa desta subvención.*
4. *Colaborar co Concello de Vigo coa participación da FUNDACIÓN LAXEIRO na Rede Museística e Expositiva promovida pola administración municipal.*
5. *Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co Art. 11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, servizos e funcionamento, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (Art. 17.3 da citada lei).*
6. *A concesión da subvención á FUNDACIÓN implica a aceptación das súas obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

#### CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1. *Colaborar coa FUNDACIÓN LAXEIRO no desenvolvemento dos seus fins e obxectivos, especialmente fomentando a súa participación nos servizos e equipamentos municipais da súa Rede Museística e Expositiva.*
2. *Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades da FUNDACIÓN LAXEIRO e colaborar na súa viabilidade.*
3. *Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*

#### QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA.

*A unidade xestora da subvención á FUNDACIÓN LAXEIRO é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a FUNDACIÓN informará sobre o desenvolvemento das súas actividades e funcionamento.*

*A Concellería-delegada de Cultura, Festas e Museos podería determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución de determinados elementos do programa, sempre que non alteren substancialmente o obxecto da subvención, o funcionamento do centro e os seus programas de actividades; de acordo co previsto no apartado 5 da condición terceira do presente acordo de concesión da subvención.*

*A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados; ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación.*

#### SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

De acordo co establecido no artigo 15.3 da lei 7/2007 de subvencións de Galicia, a FUNDACIÓN adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu programa de actividades e funcionamento; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería da Área de Cultura, Festas e Museos.

A FUNDACIÓN asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo á FUNDACIÓN LAXEIRO, como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concellería-delegada da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao servizo de Museos Municipais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias á FUNDACIÓN LAXEIRO, aos servizos, actividades, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rolas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura, Festas e Museos.

A FUNDACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

A FUNDACIÓN tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

#### LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura, Festas e Museos para que os elementos sexan subvencionables.

#### SÉTIMA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O Concello de Vigo xestionará o pagamento á FUNDACIÓN LAXEIRO do importe da subvención outorgada para as súas actividades e funcionamento do exercicio 2014, de acordo co seguinte calendario de tramitación:

- a) Unha primeira achega, por importe máximo de 20.000 € tras a aprobación da subvención pola Xunta de Goberno Local.

- b) Unha segunda achega, por importe máximo de 20.000 € antes do 30 de xuño de 2014 ou dentro do mes seguinte á concesión.
- c) Unha terceira achega, por importe máximo de 20.000 € antes do 30 de setembro de 2014, en todo caso antes da data límite para a liquidación.
- d) Unha cuarta achega, por importe de 20.000 €, ou pola contía pendente respecto ao total da achega outorgada, ata o día 28 de novembro de 2014, xunto coa liquidación da subvención.

DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

Para cada unha das achegas.-

As tres primeiras achegas terán a consideración de pagamentos a conta da subvención outorgada, e a cuarta terá carácter de liquidación; en todos os casos a FUNDACIÓN presentará:

- a) Solicitude de pagamento de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.
- b) Informe sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da FUNDACIÓN relativo ao período solicitado.
- c) Relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento da FUNDACIÓN LAXEIRO, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
- d) Documentos orixinais acreditativos do gasto de acordo co establecido neste acordo de outorgamento e na normativa sobre subvencións.
- e) Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e pagamentos; emitidas pola AEAT, Consellería de Facenda, Seguridade Social e Concello de Vigo.
- f) Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos; dentro do período de xustificación. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente esta circunstancia. Se algunha actividade dispuxera de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas á FUNDACIÓN LAXEIRO, achegaranse un mínimo de catro exemplares ao servizo de Museos Municipais do Concello.
- g) Copias das convocatorias e actas do Padroado da FUNDACIÓN LAXEIRO.
- h) Acreditación da difusión do carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do programa de actividades e funcionamento; particularmente nos propios centros, páxina web, publicacións, presentacións e difusión de actividades.
- i) Os gastos de persoal xustificáranse cos contratos de traballo: copias compulsadas no primeiro trámite de pagamento e nos sucesivos, se non houbera cambios, unha declaración da Presidencia ou da Secretaría Xeral neste sentido; de habelos, achegaríanse as novas copias compulsadas dos contratos), as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1).

Para a segunda achega.-

Xunto coa xustificación da segunda achega da subvención, a FUNDACIÓN LAXEIRO, presentará a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo os seguintes documentos: aprobación da liquidación dos orzamentos da Fundación do ano 2013, aprobación dos orzamentos de 2014 e acreditación da presentación destes dous documentos perante dos órganos competentes en materia de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia.

Para a liquidación da subvención.-

Para a liquidación da subvención, e cuarta achega de 2014, a FUNDACIÓN LAXEIRO presentará a seguinte documentación ata o día 28 de novembro de 2014:

- a) Solicitude polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.

b) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da FUNDACIÓN LAXEIRO no exercicio 2014, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:

- Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).
- Memoria de prensa.
- Memoria económica e conta xustificativa, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
- Documentación xustificativa dos gastos efectuados con cargo á mesma, de acordo co disposto no artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións .

A FUNDACIÓN LAXEIRO tamén achegará á unidade xestora da subvención, polo menos coa liquidación da subvención: informes sobre os fondos municipais cedidos á Fundación (préstamos, conservación, itinerancias, xestión dos dereitos, etc.) e informe sobre a actividade do Padroado da Fundación (cambios na súa composición, copias das actas das sesións, etc.)

A xustificación da subvención realizarase no prazo previsto neste acordo de concesión e consonte a normativa vixente; de non xustificarse nos prazos previstos o beneficiario, neste caso a FUNDACIÓN LAXEIRO, perderá o dereito á mesma.

As facturas orixinais vinculadas ao proxecto subvencionado, ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporaranse xunto coa relación das facturas.

As facturas deberán recoller os datos do emisor, número de CIF, a data, o número, os conceptos e importes desglosados, o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que a FUNDACIÓN LAXEIRO xustifique que estea exenta de IVE; os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente co obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade da entidade beneficiaria que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

A liquidación do pagamento da subvención e das achegas parciais está condicionado á conformidade da Concelleira-Delegada da Área de Cultura, Festas e Museos, despois dos informes técnicos necesarios.

*A entidade beneficiaria da subvención poderá subcontratar con terceiros ata o 75% das actividades subvencionadas. Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*A FUNDACIÓN deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería-delegada de Cultura e Festas e Museos, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

#### GASTOS SUBVENCIONABLES.-

*Os gastos subvencionables corresponderán aos ocasionados pola actividade propia da FUNDACIÓN ao longo do exercicio 2014, quedando excluídos os gastos por investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados. Serán subvencionables os gastos financeiros, cando estean directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables para a súa axeitada preparación; establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata o 1% do importe do convenio. Os gastos de persoal xustificaranse cos contratos de traballo, as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).*

#### COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONS OU AXUDAS E IMPORTE TOTAL.-

*Esta subvención á FUNDACIÓN será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*En calquera caso, o importe total das subvencións ou axudas percibidas pola FUNDACIÓN non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 17.3 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia e artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, do Regulamento da Lei xeral de subvencións.*

*A FUNDACIÓN deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ao fondos recibidos (importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas).*

#### OITAVA.-

*Ao tratarse a Fundación Laxeiro dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte remitirá ao Concello de Vigo os seus orzamentos e a liquidación dos mesmos dentro dos prazos legais, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.*

*Así mesmo con carácter trimestral remitirán a información de pagamentos para os efectos de dar cumprimento ao previsto na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.*

*Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP / 2105/2012, 1 de outubro, con carácter trimestral queda obrigada a remitir toda a docu-*

*mentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.*

**NOVENA.- INCUMPRIMENTOS.**

*O incumprimento de obrigas estipuladas neste acordo de concesión por parte da FUNDACIÓN axustarase ao establecido na normativa de aplicación sinalada no acordo de concesión adoptado pola Xunta de Goberno Local, que podería supoñer a cancelación de pagamentos pendentes ou o reintegro dos abonos que xa foran realizados polo CONCELLO, ou mesmo a cancelación do acordo.*

**DÉCIMA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE DA SUBVENCIÓN.**

*A subvención terá vixencia ata a data de remate do exercicio económico do ano 2014, de acordo cos prazos de remisión da documentación e informes á Intervención Xeral establecidos para a fiscalización da xustificación.  
O presente acordo de subvención non é prorrogable.*

**DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.**

*A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación do presente acordo de concesión e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos queda facultado para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.*

**8(287).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA. EXPTE. 15774/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 14.03.14, o informe de fiscalización do 25.03.14, e de acordo co informe-proposta do técnico superior de Educación, do 20.03.14, conformado polo concelleiro de Educación e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de danza por procedemento aberto.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 21/02/2014 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 13/03/2014 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de danza por procedemento aberto.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto por importe de 133.316,04 euros (33.329,01 € na anualidade de 2014 e 99.987,03 euros na anualidade de 2015) para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de danza por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3210.227.99.26 ("Escola municipal de danza").



CUARTO.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

**9(288).- PRIMEIRA PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA DA INFANCIA”. EXPTE. 4979/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.03.14 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 19.03.14, conformado pola concelleira de Igualdade e a concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- “Aprobar unha prórroga de un ano de duración do contrato do Servizo municipal de Atención Domiciliaria á Infancia (SADI), que abrangue desde o 1 de maio de 2014 ao 30 de abril de 2015, ambos incluídos, coa Asociación “Mulleres Progresistas de Vigo”, CIF G-36.657.336, empresa adxudicataria do servizo por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o día 23 de marzo de 2012.

2º.- Aprobar o gasto de 157.662,38 euros para facer fronte ao pago do contrato durante a vixencia da prórroga, desglosado do seguinte xeito: 105.108,26 € con cargo á partida “servizo de atención domiciliaria á infancia” 2311 2270602 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente e 52.554,12 € con cargo á disponibilidade de crédito orzamentario para o exercicio 2015 na partida “servizo de atención domiciliaria á infancia” 2311 2270602 da concellería de igualdade.

**10(289).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS. EXPTE. 102334/140.**

De conformidade co informe emitido polo Interventor xeral, con data 31.03.14, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación de xustificantes de libramentos:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/a favor
Barbará Rodríguez Beatriz	201300069832	9220.2260300	6.000,00	5.984,54	29/10/13	30/12/13	29/01/14	15,46	-
Barbará Rodríguez Beatriz	201400005283	9226.2302000	187,80	187,80	03/02/14	07/02/14	03/05/14	----	-
Barbará Rodríguez Beatriz	201400005284	9226.2312000	275,00	215,57	03/02/14	07/02/14	03/05/14	59,43	--
Crespo Casal Álvaro	201400003179	1610.2090000	7.874,33	7.874,33	20/01/14	24/01/14	20/04/14	----	--
Escariz Couso Alberto	201400003898	9220.2219901	191,81	191,81	28/01/14	13/02/14	28/04/14	----	-
Escariz Couso Alberto	201400013186	9220.2219901	191,81	191,81	10/03/14	14/03/14	10/06/14	----	--
Espada Recarey Luis	201400005285	1693.2269901	311,00	311,00	03/02/14	11/02/14	03/05/14	----	-
González Domínguez Luz Mª	201400003740	3380.2260910	19.010,31	19.010,31	28/01/14	24/02/14	28/04/14	----	-
Gutiérrez Orúe Francisco J.	201300079434	9240.4890020	2.153.782,95	2.111.448,15	09/12/13	30/12/13	09/02/14	42.334,80	
Gutiérrez Orúe Francisco J.	201400011023	2410.2260600	2.000,00	1.320,00	28/02/14	14/03/14	28/05/14	680,00	--

Gutiérrez Orúe Francisco J.	201400011542	2410.2312007	726,61	499,21	28/02/14	17/03/14	28/05/14	227,40	-
Gutiérrez Orúe Francisco J.	201400011543	2410.2302007	373,39	373,39	28/02/14	17/03/14	28/05/14	----	--
Núñez Aboy Marta	201400008729	3340.2302000	413,86	304,75	13/02/14	25/02/14	13/05/14	109,11	-
Núñez Aboy Marta	201400008730	3340.2312000	350,00	281,15	13/02/14	25/02/14	13/05/14	68,85	-
Quintela Rodríguez M <sup>a</sup> José	201400002573	2310.4810000	359.772,80	359.772,80	23/01/14	20/02/14	23/04/14	----	-
<b>TOTAL</b>			2.551.461,67	2.507.966,62				43.495,05	

**11(290).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTES AO MES DE FEBREIRO 2014. EXPTE. 25036/220**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.03.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 21.03.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Febreiro	De Costas Fernández, Basilio a Fontan Balbuena, Camilo	474,36	62,56	536,92
Policia Local	Febreiro	De Abalde Casanova, Jesús I a Vivero Mijares, Juan G.	38.774,55	26.602,96	65.377,51
Parque Móbil	Febreiro	De Alonso González, Angel a Troncoso Martínez, Avelino	542,70	410,72	953,42
Extinción Incendio	Febreiro	De Alonso Barcia, Rubén a Veiga García, Rubén	1.515,54	195,84	1.711,38
Cemiterios	Febreiro	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	1.748,70	0,00	1.748,70
Montes, Parques e Xardíns	Febreiro	De Casas Iglesias, Alfonso a Pérez Dasilva, Eduardo	273,36	0,00	273,36
Desinfección	Febreiro	De Pardellas Avión, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón	168,84	152,32	321,16
MUSEO	Febreiro	De Rodríguez Fernández, Javier a González Bello, Andrés	233,16	0,00	233,16
Parque Central	Xaneiro	De Alves Cerqueira, Antonio	1.117,56	892,16	2.009,72
<b>TOTAIS</b>			<b>44.848,77</b>	<b>28.316,56</b>	<b>73.165,33</b>

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 73.165,33 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

**12(291).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO 2014. EXPTE.25058/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.03.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 24.03.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don José Luis Hermida Rodríguez e remata por don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de Febreiro-2014, e que ascenden a un total de 1.156'10 € (mil cento cincuenta e seis euros con dez céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións.

**13(292).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO 2014. EXPTE. 25057/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.03.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 21.03.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de Febreiro de 2014, e que ascenden a un total de 935,21 € (novecentos trinta e cinco euros con vinte e un céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE

**14.- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO 2014. EXPTE. 25035/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.03.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 19.03.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Febreiro-2014 e que ascenden a un total 488'83 € (catrocentos oitenta e oito euros con oienta e tres céntimos), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**15(293).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR SERVIZOS DE GRAN GALA DA POLICÍA LOCAL CON MOTIVO DA “CABALGATA DE REIS”. EXPTE. 25011/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.03.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 19.03.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da “Cabalgata de Reis”, aboarase o persoal da Policía Local que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por don Dámaso Pena González e remata por don José Manuel Sierra Castelo, por unha cantidade total de 592'90 € (cincocentos noventa e dous euros con noventa céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións.

**16(294).- CAMPAÑA DE DESRATIZACIÓN NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO DE ANO 2014. EXPTE. 24834/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.03.14, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 10.02.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*A iniciativa da Sra. Directora do Laboratorio Municipal coa conformidade da concelleira-delegada da área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, proponse á Xunta de Goberno Local a aprobación dun complemento de productividade ao persoal pola realización dunha campaña de desratización do termo municipal de Vigo para o presente ano 2014 e que sería acometida directamente polo propio persoal adscrito ó Servizo de Desinfección, coa colaboración de dun oficial conductor adscrito ó Parque Móbil municipal.*

Esta previsto o inicio da mesma o día 1 de maio do 2014 , intentando rematala a finais de xullo.

Para que a referida actuación poida executarse correctamente, resulta necesaria a realización dunha serie de servizos fora do horario habitual de traballo, o que ven xustificado por razóns de índole técnica, xa que se requiren intervencións continuas en horario nocturno durante o tempo de realización de dita campaña.

Así mesmo, resulta constatado que a realización deste servizo pola propia Administración, supón un importante aforro fronte a unha contratación administrativa externa, tal e como se reflexa no orzamento solicitado polo Servizo .

Cumpre salientar que idénticas campañas veñen realizándose nos pasados anos con resultados altamente satisfactorios.

Segundo o informe da Sra. Directora do Laboratorio Municipal o importe total da produtividade proposta ascende a un importe máximo de 12.000,00 € para a totalidade do persoal participante, cantidade que se proporá o aboamento unha vez rematada dita campaña, realizando cuantificación detallada e tendo en conta o grao de participación de cada un dos empregados municipais integrantes do equipo que realiza a campaña, o número de horas e xornadas nas que participe cada un dos efectivos,

O persoal que participará na campaña 2014 será:

<b>NOME</b>	<b>Nº PERSOAL</b>	<b>POSTO DE TRABALO</b>
José Ramón Seijas Alvarez	16350	Capataz
Andrés Avelino Pardellas Aviión	9722	Oficial desinfector
Manuel A. Pereiro Alonso	17578	Oficial desinfector
José Manuel Sousa Atrio	22790	Oficial desinfector
Alberto Seijas Alvarez	81369	Oficial desinfector
Jesús Pérez Tomé	13675	Conductor

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento lexislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derogatoria Unica, apartado b), debe acudirse ao preceptuado no o art. 24 da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2014, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen dereito individual algún verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos

Así mesmo, as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de Setembro de 2010, en concreto a Instrución 3ª h) establece que "con cargo ó complemento de produtividade aboarase a actividade extraordinaria pola realización de campañas de desinfección, desinsectación, etc., do Laboratorio municipal cando por necesidades do servizo fose necesario acometer anualmente algunha actuación extraordinaria fora da xornada normal de traballo, tendente á desinfección, desinsectación ou desratización no termo municipal, concederáse a instancias da Xefatura do Laboratorio Municipal un complemento de produtividade que sirva para recompensa-lo esforzo, dedicación e rendemento esixido para a correcta implantación destas medidas conxunturais, polo importe que expresamente dispoña a Xunta de Goberno Local. A percepción desta produtividade será incompatible con calquera outra gratificación ou recargo previsto no acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, para os servizos extraordinarios (festividade, nocturnidade, xornada partida, etc.).

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Aprobá-la realización da campaña ordinaria de desratización no termo municipal de Vigo para o ano 2014, a realizar polo propio persoal municipal do servizo de desinfección, co apoio de dun oficial conductor do Parque Móbil, previsto o seu inicio no mes de Maio de 2014

Segundo.- Dispoñer que polo Servizo xestor se proceda a remisión ao Servizo de Recursos Humanos de informe acreditativo da efectiva realización dos traballos, relación de efectivos participantes, datas de inicio e finalización da campaña e demais aspectos relevantes, ao efecto de valorar a procedencia de outorgamento ou recoñecemento de eventuais complementos de produtividade nos termos recollidos nas vixentes instrucións sobre plantilla.

A percepción do dito complemento quedará supeditada ó informe da xefatura do Laboratorio municipal no que se acredite a correcta prestación dos servizos extraordinarios que implica o desenvolvemento da campaña, e no que se informe favorablemente a dedicación e rendemento dos traballadores do servizo, non orixinando o seu abono ningún tipo de dereito individual respecto a valoracións de apreciacións correspondentes a sucesivos períodos. A percepción desta produtividade será incompatible con calquera outra gratificación ou recargo previsto no acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo

Dése traslado do presente acordo ao interesado, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, .

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(295).- PROPOSTA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO “RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO DE FIBROCEMENTO ENTRE A SUBESTACIÓN ELÉCTRICA DO TRONCAL NA TRAVESÍA DE VIGO E O CENTRO DE REFLEXIÓN ELÉCTRICO NA RÚA HERNÁN CORTÉS”. EXPTE. 2400/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 31.03.14, conformado polo concelleiro de dita Área, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

*A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urgente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.*

*Na cláusula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.*

*En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.*

*Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.*

*Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castañón de data 24 de marzo de 2014 e a Orde de Servizo do concelleiro delegado de data 27 de marzo de 2014, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

*1.- Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a “Renovación da rede de abastecemento de fibrocemento entre a subestación eléctrica do troncal da Travesía de Vigo e o centro de reflexión eléctrica na Rúa Hernán Cortés” considerado de urxencia e execución inaprazable.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(296).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE OBRAS “RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO DA RÚA MOAÑA”. EXPTE. 2393/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 27.03.14, conformado polo concelleiro de dita Área, que di o seguinte:

*A concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, según acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, establece na cláusula terceira do citado acordo, o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a*

*cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.*

*Así mesmo en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordeación do procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia. Este procedemento no apartado III, punto c, indica que a entidade Concesionaria Aqualia comprométese a dar conta á Xunta de Goberno Local do correspondente contrato de obra, o cal deberá incluír unha serie de apartados específicos.*

*O proxecto de “Renovación das redes de abastecemento e saneamento na Rúa Moaña”, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 14 de marzo co número de expediente 2.342/443 por importe de 662.460,42 € (IVE excluído).*

*En data 24 de marzo de 2014, Aqualia presenta a documentación requirida no apartado III.c indicado anteriormente.*

*Dacordo co indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

*1.- Dar conta da tramitación do seguinte expediente “RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA MOAÑA”, cos datos requiridos no apartado III.c do Procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia:*

*Código do proxecto: Expte. 1.848/440*

*Nome e razón social do adxudicatario: Aqualia Infraestructuras, S.A.*

*NIF: A38849495.*

*Orzamento de execución material: 556.698,43€*

*Orzamento de contrata: 662.460,42 € (IVE excluído).*

*Prazo de execución: 4 meses.*

*Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e do Plan de Xestión de Residuos.*

*Clasificación do contratista E1d*

*Prazo de garantía: 2 anos.*

*Asistencia Técnica: GALAICONTROL*

*Dirección de obra: Álvaro Crespo Casal e Jerónimo Centrón Castaños.*

*Coordinación de Seguridade e Saúde: CSM Gestión de seguridad en contrucción.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **19(297).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE OBRAS “REDE SEPARATIVA DE FECAIS E PLUVIAIS NA RÚA AREAL, ENTRE O Nº 106 E MIRAGAIA”. EXPTE. 2395/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 27.03.14, conformado polo concelleiro de dita Área, que di o seguinte:

*A concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, según acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, establece na cláusula terceira do citado acordo, o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a*



*cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.*

*Así mesmo en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordeación do procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia. Este procedemento no apartado III, punto c, indica que a entidade Concesionaria Aqualia comprométese a dar conta á Xunta de Goberno Local do correspondente contrato de obra, o cal deberá incluír unha serie de apartados específicos.*

*O proxecto de "REDE SEPARATIVA DE FECAIS E PLUVIAIS NA RÚA AREAL, ETRE O Nº 106 E MIRAGAIA", foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 14 de marzo co número de expediente 2.345/443 por importe de 58.882,78 € (IVE excluído).*

*En data 24 de marzo de 2014, Aqualia presenta a documentación requirida no apartado III.c indicado anteriormente.*

*Dacordo co indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

*1.- Dar conta da tramitación do seguinte expediente "REDE SEPARATIVA DE FECAIS E PLUVIAIS NA RÚA AREAL, ETRE O Nº 106 E MIRAGAIA", cos datos requiridos no apartado II.l.c do Procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia:*

*Código do proxecto: Expte. 1.851/440*

*Nome e razón social do adxudicatario: Aqualia Infraestructuras, S.A.*

*NIF: A38849495.*

*Orzamento de execución material: 41.481,33 €*

*Orzamento de contrata: 58.882,76 € (IVE excluído).*

*Prazo de execución: 2 meses.*

*Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e do Plan de Xestión de Residuos.*

*Clasificación do contratista: Non procede*

*Prazo de garantía: 2 anos.*

*Asistencia Técnica: ESIMPRO*

*Dirección de obra: Álvaro Crespo Casal e Jerónimo Centrón Castaños.*

*Coordinación de Seguridade e Saúde: ENMACOSA.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **20(298).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE OBRAS "INSTALACIÓN PARA A DOSIFICACIÓN DE REACTIVOS NA ETAP DO CASAL". EXPTE. 2394/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 27.03.14, conformado polo concelleiro de dita Área, que di o seguinte:

*A concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, según acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, establece na cláusula ter-*

ceira do citado acordo, o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

Así mesmo en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordeación do procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia. Este procedemento no apartado III, punto c, indica que a entidade Concesionaria Aqualia comprométese a dar conta á Xunta de Goberno Local do correspondente contrato de obra, o cal deberá incluír unha serie de apartados específicos.

O proxecto de "INSTALACIÓNS PARA A DOSIFICACIÓN DE REACTIVOS NA ETAP DO CASAL", foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 14 de marzo co número de expediente 2.486/443 por importe de 330.254,63 € (IVE excluído).

En data 24 de marzo de 2014, Aqualia presenta a documentación requirida no apartado III.c indicado anteriormente.

Dacordo co indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Dar conta da tramitación do seguinte expediente "INSTALACIÓNS PARA A DOSIFICACIÓN DE REACTIVOS NA ETAP DO CASAL", cos datos requiridos no apartado III.c do Procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia:

Código do proxecto: Expte. 2.109/440

Nome e razón social do adxudicatario: Aqualia Infraestructuras, S.A.

NIF: A38849495.

Orzamento de execución material: 277.524,90 €

Orzamento de contrata: 330.254,63 € (IVE excluído).

Prazo de execución: 3 meses.

Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e do Plan de Xestión de Residuos.

Clasificación do contratista: Non procede

Prazo de garantía: 2 anos.

Asistencia Técnica: ESIMPRO

Dirección de obra: Álvaro Crespo Casal e Jerónimo Centrón Castaños.

Coordinación de Seguridade e Saúde: ENMACOSA.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(299).- CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS DE "MELLORA DE INFRAESTRUTURAS NAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO". EXPTE. 2574/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 27.03.14, conformado polo concelleiro de dita Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o pasado 27 de decembro acorda entre outros a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras

de mellora e infraestructuras nas Parroquias do Concello de Vigo á empresa Construccións, Obras e Viais, S.A. (COVSA) por un prezo total (IVE excluído) de :

- Lote 1 187.336,66 €
- Lote 2 149.509,39 €
- Lote 3 159.729,80 €

E unha aportación ao control de calidade do 4%.

O Prego de Cláusulas Administrativas na clausula 25 "Execución do contrato", no seu apartado e) "Control de Calidade", indica que o contratista deberá presentar proposta de desenvolvemento do control de calidade en relacións aos ensaios técnicos específicos sobre a execución da obra e os procesos de autocontrol de calidade na execución de todos os procesos da mesma.

A empresa adxudicataria COVSA, presenta con data 6 de marzo con cargo ao 4% do control de calidade a seguinte proposta:

- ENSAIOS TECNICOS ESPECÍFICOS SOBRE A EXECUCIÓN DA OBRA EN LABORATORIO EXTERNO (5.383,23 EUROS, IVE EXCLUIDO).

EMPRESA EXTERNA HOMOLOGADA DESIGNADA PARA A REALIZACIÓN DOS ENSAIOS: GALAICONTROL, SL.

- CONTROL DOS PROCESOS DE EXECUCIÓN E SEGUIMIENTO DAS OBRAS (10.962,93 EUROS, IVE EXCLUIDO).

EMPRESA CONSULTORA EXTERNA DESIGNADA: TECNIGAL, SL.

Indica así mesmo o citado prego que o responsable facultativo da obra exercerá no ámbito das súas responsabilidades, as funcións de revisión e supervisión do plan proposto, e propoñerá ao órgano de contratación a súa aprobación no prazo dos quince días seguintes a súa presentación. Neste senso se recolle nos Pregos de Condicións Administrativas Particulares o nomeamento do Responsable do Contrato: O Xefe de Área de Fomento, D. Álvaro Crespo Casal.

Polo que, á vista do anteriormente exposto e tendo en conta o informe dos directores facultativos da obra que se achega, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Aprobar a proposta da empresa COVSA adxudicataria da obra "Mellora de infraestructuras nas parroquias do Concello de Vigo. Lotes 1, 2 e 3.", con cargo ao 4% de aportación ao control de calidade de acordo co seguinte detalle:

- Ensaio técnico específico sobre a execución da obra en laboratorio externo (5.383,23 euros, IVE excluído).  
Empresa externa homologada designada para a realización dos ensaios: Galaicontrol, sl.
- Control dos procesos de execución e seguimento das obras (10.962,93 euros, IVE excluído).  
Empresa consultora externa designada: Tecnigal, sl.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**22(300).- CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS “HUMANIZACIÓN DA BEIRARRÚA PAR JENARO DE LA FUENTE”. EXPTE. 2570/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 31.03.14, conformado polo concelleiro de dita Área, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o pasado 27 de decembro acorda entre outros a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de Humanización da Beirarrúa Par Jenaro de la Fuente á empresa Obras, Reformas e Saneamentos (ORESA, S.L.) por un prezo total de 162.000 € (IVE engadido).*

*E unha aportación ao control de calidade do 4%.*

*O Prego de Cláusulas Administrativas na clausula 25 “Execución do contrato”, no seu apartado e) “Control de Calidade”, indica que o contratista deberá presentar proposta de desenvolvemento do control de calidade en relacións aos ensaios técnicos específicos sobre a execución da obra e os procesos de autocontrol de calidade na execución de todos os procesos da mesma.*

*A empresa adxudicataria ORESA, S.L., presenta con data 12 de marzo con cargo ao 4% do control de calidade a seguinte proposta:*

- *ENSAIOS TECNICOS ESPECÍFICOS SOBRE A EXECUCIÓN DA OBRA EN LABORATORIO EXTERNO (1.213,86 EUROS, IVE EXCLUIDO).*

*EMPRESA EXTERNA HOMOLOGADA DESIGNADA PARA A REALIZACIÓN DOS ENSAIOS: GALAICONTROL, SL.*

- *CONTROL DOS PROCESOS DE EXECUCIÓN E SEGUIMIENTO DAS OBRAS (5.508,83 EUROS, IVE EXCLUIDO).*

*EMPRESA CONSULTORA EXTERNA DESIGNADA: ALBERTO MORENO PIKE.*

*Indica así mesmo o citado prego que o responsable facultativo da obra exercerá no ámbito das súas responsabilidades, as funcións de revisión e supervisión do plan proposto, e propoñerá ao órgano de contratación a súa aprobación no prazo dos quince días seguintes a súa presentación. Neste senso se recolle nos Pregos de Condicións Administrativas Particulares o nomeamento do Responsable do Contrato: O Xefe de Área de Fomento, D. Álvaro Crespo Casal.*

*Polo que, á vista do anteriormente exposto e tendo en conta os seguintes informes:*

- *Proposta da empresa adxudicataria “Oresa, S.L.” relativa ao desenvolvemento do control de calidade de data 12 de marzo de 2014.*
- *Informe favorable da Dirección Facultativa da obra de data 19 de marzo de 2014.*
- *Informe favorable do Asesor Xurídico da Área 27 de marzo de 2014.*

*faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

*1.- Aprobar a proposta da empresa ORESA, S.L. adxudicataria da obra “Humanización beirarrúa par na Rúa Jenaro de la Fuente (entre Rúa Aragón e Rúa Toledo)”, con cargo ao 4% de aportación ao control de calidade de acordo co seguinte detalle:*

- *Ensaos técnicos específicos sobre a execución da obra en laboratorio externo (1.213,86 euros, IVE excluído).*

*Empresa externa homologada designada para a realización dos ensaios: Galai-control, sl.*

- *Control dos procesos de execución e seguemento das obras 5.508,83 euros, IVE excluído).*

*Empresa consultora externa designada: ALBERTO MORENO PIKE.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(301).- CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL EN NAVIA. EXPTE. 2568/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 1.04.14, conformado polo concelleiro de dita Área, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o pasado 27 de decembro acorda entre outros a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL EN NAVIA á empresa ORECO, S.A. por un prezo total de 605.246,10 € (IVE engadido).*

*E unha aportación ao control de calidade do 4%.*

*O Prego de Cláusulas Administrativas na clausula 25 "Execución do contrato", no seu apartado e) "Control de Calidade", indica que o contratista deberá presentar proposta de desenvolvemento do control de calidade en relacións aos ensaios técnicos específicos sobre a execución da obra e os procesos de autocontrol de calidade na execución de todos os procesos da mesma.*

*A empresa adxudicataria ORECO, S.A., presenta con data 4 de marzo con cargo ao 4% do control de calidade a seguinte proposta:*

- *ENSAIOS TECNICOS ESPECÍFICOS SOBRE A EXECUCIÓN DA OBRA EN LABORATORIO EXTERNO (9.029,81 EUROS, IVE EXCLUIDO).*

*EMPRESA EXTERNA HOMOLOGADA DESIGNADA PARA A REALIZACIÓN DOS ENSAIOS: ENMACOSA*

- *CONTROL DOS PROCESOS DE EXECUCIÓN E SEGUEMENTO DAS OBRAS 15.180,03 EUROS, IVE EXCLUIDO).*

*EMPRESA CONSULTORA EXTERNA DESIGNADA: VILAR MONTORO INGENIERÍA.*

*Indica así mesmo o citado prego que o responsable facultativo da obra exercerá no ámbito das súas responsabilidades, as funcións de revisión e supervisión do plan proposto, e propoñerá ao órgano de contratación a súa aprobación no prazo dos quince días seguintes a súa presentación. Neste senso se recolle nos Pregos de Condicións Administrativas Particulares o*

nomeamento do Responsable do Contrato: O Xefe de Área de Fomento, D. Álvaro Crespo Casal.

Polo que, á vista do anteriormente exposto e tendo en conta os seguintes informes:

- Proposta da empresa adxudicataria "ORECO, S.A." relativa ao desenvolvemento do control de calidade.
- Informe favorable da Dirección Facultativa da obra de data 13 de marzo de 2014.
- Informe favorable do Asesor Xurídico da Área 1 de abril de 2014.

faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Aprobar a proposta da empresa ORECO, S.A. adxudicataria da obra OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL EN NAVIA con cargo ao 4% de aportación ao control de calidade de acordo co seguinte detalle:

Ensaio técnicos específicos sobre a execución da obra en laboratorio externo (9.029,81 euros, IVE excluído).

Empresa externa homologada designada para a realización dos ensaios: Enmacosa

Control dos procesos de execución e seguemento das obras 15.180,03 euros, IVE excluído).

Empresa consultora externa designada: Vilar Montoro Ingeniería.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **24(302).- CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS DE "HUMANIZACIÓN DA AVENIDA HISPANIDAD (ENTRE GRAN VÍA E RÚA ZAMORA)". EXPTE. 2582/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 1.04.14, conformado polo concelleiro de dita Área, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o pasado 27 de decembro acorda entre outros a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de HUMANIZACIÓN AVENIDA HISPANIDAD (ENTRE GRAN VÍA E RÚA ZAMORA) á empresa ALDASA, S.L.U. por un prezo total de 163.000 € (IVE engadido).*

*E unha aportación ao control de calidade do 4%.*

*O Prego de Cláusulas Administrativas na clausula 25 "Execución do contrato", no seu apartado e) "Control de Calidade", indica que o contratista deberá presentar proposta de desenvolvemento do control de calidade en relacións aos ensaios técnicos específicos sobre a execución da obra e os procesos de autocontrol de calidade na execución de todos os procesos da mesma.*

*A empresa adxudicataria ALDASA, S.L.U., presenta con data 20 de marzo con cargo ao 4% do control de calidade a seguinte proposta:*

- *ENSAIOS TÉCNICOS ESPECÍFICOS SOBRE A EXECUCIÓN DA OBRA EN LABORATORIO EXTERNO (1.030 EUROS, IVE EXCLUIDO).*

*EMPRESA EXTERNA HOMOLOGADA DESIGNADA PARA A REALIZACIÓN DOS ENSAIOS: GALAICONTROL, SL.*

- *CONTROL DOS PROCESOS DE EXECUCIÓN E SEGUIMIENTO DAS OBRAS 4.552,75 EUROS, IVE EXCLUIDO).*

*EMPRESA CONSULTORA EXTERNA DESIGNADA: INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.*

*Indica así mesmo o citado prego que o responsable facultativo da obra exercerá no ámbito das súas responsabilidades, as funcións de revisión e supervisión do plan proposto, e propoñerá ao órgano de contratación a súa aprobación no prazo dos quince días seguintes a súa presentación. Neste senso se recolle nos Pregos de Condicións Administrativas Particulares o nomeamento do Responsable do Contrato: O Xefe de Área de Fomento, D. Álvaro Crespo Casal.*

*Polo que, á vista do anteriormente exposto e tendo en conta os seguintes informes:*

- *Proposta da empresa adxudicataria "ALDASA, S.L.U." relativa ao desenvolvemento do control de calidade de data 20 de marzo de 2014.*
- *Informe favorable da Dirección Facultativa da obra de data 21 de marzo de 2014.*
- *Informe favorable do Asesor Xurídico da Área 31 de marzo de 2014.*
- 

*faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

*1.- Aprobar a proposta da empresa ALDASA, S.L.U. adxudicataria da obra HUMANIZACIÓN AVENIDA HISPANIDAD (ENTRE GRAN VÍA E RÚA ZAMORA), con cargo ao 4% de aportación ao control de calidade de acordo co seguinte detalle:*

- *Ensaio técnico específico sobre a execución da obra en laboratorio externo (1.030 euros, IVE excluído).*

*Empresa externa homologada designada para a realización dos ensaios: GALAICONTROL, SL.*

- *Control dos procesos de execución e seguimento das obras 4.552,75 euros, IVE excluído).*

*Empresa consultora externa designada: INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **25(303).- CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS "HUMANIZACIÓN DA RÚA FERREIROS. FASE 1". EXPTE. 2583/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 1.04.14, conformado polo concelleiro de dita Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o pasado 27 de decembro acorda entre outros a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de HUMANIZACIÓN DA RÚA FERREIROS. FASE 1 á empresa EIRIÑA, S.L. por un prezo total de 132.377,30 € (IVE engadido).

E unha aportación ao control de calidade do 4%.

O Prego de Cláusulas Administrativas na clausula 25 "Execución do contrato", no seu apartado e) "Control de Calidade", indica que o contratista deberá presentar proposta de desenvolvemento do control de calidade en relacións aos ensaios técnicos específicos sobre a execución da obra e os procesos de autocontrol de calidade na execución de todos os procesos da mesma.

A empresa adxudicataria EIRIÑA, S.L., presenta con data 20 de marzo con cargo ao 4% do control de calidade a seguinte proposta:

- ENSAIOS TECNICOS ESPECÍFICOS SOBRE A EXECUCIÓN DA OBRA EN LABORATORIO EXTERNO (923,40 EUROS, IVE EXCLUIDO).

EMPRESA EXTERNA HOMOLOGADA DESIGNADA PARA A REALIZACIÓN DOS ENSAIOS: GALAICONTROL, SL.

- CONTROL DOS PROCESOS DE EXECUCIÓN E SEGUIMIENTO DAS OBRAS (4.649,10 EUROS, IVE EXCLUIDO).

EMPRESA CONSULTORA EXTERNA DESIGNADA: TECNIGAL, S.L.

Indica así mesmo o citado prego que o responsable facultativo da obra exercerá no ámbito das súas responsabilidades, as funcións de revisión e supervisión do plan proposto, e propoñerá ao órgano de contratación a súa aprobación no prazo dos quince días seguintes a súa presentación. Neste senso se recolle nos Pregos de Condicións Administrativas Particulares o nomeamento do Responsable do Contrato: O Xefe de Área de Fomento, D. Álvaro Crespo Casal.

Polo que, á vista do anteriormente exposto e tendo en conta os seguintes informes:

- Proposta da empresa adxudicataria "EIRIÑA. S.L." relativa ao desenvolvemento do control de calidade de data 19 de marzo de 2014.
- Informe favorable da Dirección Facultativa da obra de data 21 de marzo de 2014.
- Informe favorable do Asesor Xurídico da Área 31 de marzo de 2014.

faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Aprobar a proposta da empresa EIRIÑA, S.L. adxudicataria da obra HUMANIZACIÓN DA RÚA FERREIROS. FASE 1, con cargo ao 4% de aportación ao control de calidade de acordo co seguinte detalle:

- Ensaio técnico específico sobre a execución da obra en laboratorio externo (923,40 euros, IVE excluído).  
Empresa externa homologada designada para a realización dos ensaios: GALAICONTROL, SL.



- *Control dos procesos de execución e seguemento das obras 4.649,10 euros, IVE excluído).*  
*Empresa consultora externa designada: TECNIGAL, S.L.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **26(304).- CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ACCESO AO BARRIO DE NAVIA DENTA A VG-20”. EXPTE.2591/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 1.04.14, conformado polo concelleiro de dita Área, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o pasado 27 de decembro acorda entre outros a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ACCESO AO BARRIO DE NAVIA DENDE A VG-20 á empresa ORECO, S.A. por un prezo total de 159.080 € (IVE engadido).*

*E unha aportación ao control de calidade do 4%.*

*O Prego de Cláusulas Administrativas na clausula 25 “Execución do contrato”, no seu apartado e) “Control de Calidade”, indica que o contratista deberá presentar proposta de desenvolvemento do control de calidade en relacións aos ensaios técnicos específicos sobre a execución da obra e os procesos de autocontrol de calidade na execución de todos os procesos da mesma.*

*A empresa adxudicataria ORECO, S.A., presenta con data 4 de marzo con cargo ao 4% do control de calidade a seguinte proposta:*

- *ENSAIOS TECNICOS ESPECÍFICOS SOBRE A EXECUCIÓN DA OBRA EN LABORATORIO EXTERNO (927,23 EUROS, IVE EXCLUIDO).*

